



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**FACULTADE DE BIOLOXÍA**

**Curso Académico: 2015/2016**

 <b>USC</b> UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 1 de 38

## Índice

1. <b>Introdución</b> .....	2
2. <b>Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade</b> .....	6
3. <b>Plan de Melloras do Centro</b> .....	18
4. <b>Anexo: Informes de seguimento</b> .....	26

 <b>USC</b> FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 2 de 38

## 1. Introducción

A Facultade de Bioloxía é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Bioloxía elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía, correspondente ao curso académico 2015/16, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao plan de melloras dos títulos e do Centro (novas propostas para o curso 2015/16), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía correspondente ao curso 2015/16 foi elaborada pola Comisión de Calidade con data 01/03/2017 e aprobada en Xunta de Facultade con data 08/03/2017.

### Estrutura da Facultade de Bioloxía para o desenvolvemento do SGIC

**Ámbito de aplicación.** O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2015/16 atinxe a todas as titulacións impartidas no Centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado de grao e máster, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2015/16 foron:

- Grao en Bioloxía.
- Dobre Grao en Química e Bioloxía.
- Máster en Acuicultura (2ª ed.).
- Máster en Neurociencia (2ª ed.).
- Máster en Bioloxía Mariña.

No curso anterior (2014/15) estaban en extinción 3 titulacións (so había exames pero non docencia):

- Máster en Medio Ambiente e Recursos Naturais (en extinción).
- Máster en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural (en extinción).
- Licenciatura en Bioloxía (en extinción).

En estas titulacións en extinción non se impartiu docencia durante o curso 2014/15, limitándose a actividade docente á realización de probas de avaliación e sendo este o último curso no que se

 <b>USC</b> UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 3 de 38

realizan exames destas titulacións. Ao tratarse de títulos en extinción, xa non se tiveron en conta para os informes de seguimento do curso 2014/15. Polo tanto, os informes de seguimento que se achegan a esta memoria de calidade correspóndense co Grao en Bioloxía, ao Máster en Acuicultura, ao Máster en Neurociencia e ao Máster en Bioloxía Mariña.

**Documentación de referencia.** Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria de Grado en Bioloxía da USC.
- Memoria do Máster en Acuicultura (2ª ed.).
- Memoria do Máster en Neurociencia (2ª ed.).
- Memoria do Máster en Bioloxía Mariña.
- Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Facultade en Bioloxía.
- RRI dos departamentos adscritos á Facultade.
- RRI do Máster Interuniversitario en Acuicultura.
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Bioloxía Mariña.

**Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía.** Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as comisións de título, o/a responsable de calidade do Centro e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía, así coma no seu Regulamento de Réxime Interno. A composición da Comisión de Calidade (CC) da Facultade de Bioloxía cambiou no curso 2014/15 incrementando o número de membros e a representación dos distintos sectores na mesma. O motivo foi a adaptación do RRI da Facultade de Bioloxía aos novos estatutos mantendo en cada sector a representación proporcional á da Xunta de Facultade, e tentando dar máis visibilidade á CC, equiparándoa en composición e representatividade a Comisión de Docencia do Centro.

#### MEMBROS DA CCC

O decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.

Un vicedecano/a, que será o/a responsable de calidade do Centro.

O secretario/a da Facultade, que o será tamén desta comisión.

Os coordinadores/as das titulacións adscritas ao Centro.

11 representantes do profesorado con vinculación permanente. Sempre que sexa posible, na súa elección haberá un representante de cada unha das áreas de coñecemento que imparten materias obrigatorias do grao.

2 representantes do resto do profesorado (incluíndo persoal investigador en formación) con docencia no Centro.

5 representantes dos/as estudantes de grao.

 FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 4 de 38

2 representantes dos/as estudantes de máster e doutoramento.

1 representante do persoal de administración e servizos.

O xestor/a académico/a.

Tal e como consta no Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade, son funcións da CC:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias: informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora; e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título.

Durante o curso 2015/16, celebráronse as seguintes reunións da Comisión de Calidade:

- 23/11/2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Aprobación, se procede, da acta anterior.
  - o Aprobación, se procede, dos informes de seguimento das titulacións de Grao en Bioloxía e dos Másteres Interuniversitarios en Neurociencia e Acuicultura.
  - o Rogos e preguntas.
- 18/12/2015. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro.
- 19/02/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Planificación da análise DAFO para a elaboración do plan estratéxico da Facultade de Bioloxía.
- 15/03/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Elaboración do plan estratéxico da Facultade de Bioloxía.
- 23/05/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Elaboración do plan estratéxico da Facultade de Bioloxía.
- 02/06/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Elaboración da matriz CAME.
- 09/06/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Continuación coa elaboración da matriz CAME.
- 16/06/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Continuación coa elaboración da matriz CAME.
- 30/06/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Elaboración das liñas estratéxicas.
- 21/10/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:
  - o Elaboración do plan estratéxico da Facultade de Bioloxía.



 FACULDADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 6 de 38

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

En maio de 2010 a Facultade de Bioloxía dispuxo do seu primeiro Sistema de Garantía Interna de Calidade, cuxa documentación de referencia consistía nun "Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGIC)", onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos y Procedimientos ". A comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do SGIC que obrigou a unha modificación do SGIC do Centro. A Xunta de Facultade aprobou a correspondente modificación o 13 de decembro de 2013. Con esta modificación, simplificouse a documentación de referencia, adscribíndose o Centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Tamén se definiu a política de calidade do Centro, que segue vixente na actualidade.

O "Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía", así como o "Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos" están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Bioloxía, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía Interna de Calidade.

**<http://www.usc.es/gl/centros/biologia/SGIC.html>**

O SGIC do centro funcionou de xeito correcto. Implementáronse novos procedementos para velar pola planificación e desenvolvemento das ensinanzas oficiais que se imparten no centro, garantindo a súa calidade e garantindo os recursos necesarios para mantela (algúns destes proxectos reflectíronse como accións de mellora executadas). Fixéronse novos deseños de títulos como o "Grao en Biotecnoloxía" e o "Máster en Biodiversidade Terrestre: caracterización e conservación". En canto a planificación estratéxica do Centro, rematouse por parte da Comisión de Calidade do Centro do Plan Estratéxico que será sometido a exposición pública e as revisións e aprobacións que lle corresponden de acordo ao seu proceso particular.

A planificación estratéxica, o aseguramento dos recursos materiais e humanos, PDA e a captación

 FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 7 de 38

e acollida de alumnos se realizan desde o centro e a súa CCC. Outros procesos máis vinculados á planificación e desenvolvemento das ensinanzas residen nas comisións de título (ou académicas no caso dos mestrados).

En canto a planificación das ensinanzas, foi no grao onde trataronse de facer melloras. Tentouse de cambiar o calendario facendo módulos de asignaturas en cada semestre, de xeito que os exames se repartan por todo o mesmo. Na actualidade está preparado un novo horario programado deste xeito (para o primeiro semestre do segundo curso como piloto) que será sometido a súa aprobación en Xunta de Facultade. As guías docentes foron cambiadas incluíndo as competencias de cada materia así como o xeito empregado na súa avaliación. Deste xeito revisouse o cumprimento das competencias incluídas na Memoria do Grado, e procedeuse a súa actualización. Fixéronse cambios no PDA dalgunhas materias para mellorar a súa calidade docente. Aprobouse unha diminución da presencialidade das clases expositivas co fin de mellorar o rendemento académico dos estudantes. Do mesmo xeito, por primer ano, incluíronse en todas as convocatorias un novo sistema de avaliación dos TFG dun xeito máis obxectivo e detallado que o anterior.

Grazas a medición de algúns indicadores e o seu análise o SGIC está a ser unha ferramenta moi útil para mellorar a planificación e o desenvolvemento das ensinanzas oficias do Centro.

### **Actuacións máis relevantes**

Como aspectos máis salientables tratados nas reunións da Comisión de Calidade, caben destacar os seguintes:

Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía. Na meirande parte das reunións foi o asunto no que traballou a Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía. Na actualidade estamos moi preto de ter unha versión definitiva.

### **Queixas e incidencias**

Moitas queixas e/ou suxestións son tramitadas directamente pola OAR polo que xa non chegan ao centro, xa que non teñen que ver directamente coa xestión directamente encomendada á Facultade (prezos públicos, matrícula, etc.).

Para o curso 2014/15, a Memoria da Oficina de Análise e Reclamacións (OAR) pódese atopar no enlace:

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/oar/descargas/Memoria\\_OAR\\_2014\\_c\\_entros\\_e\\_titulacixns.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/oar/descargas/Memoria_OAR_2014_c_entros_e_titulacixns.pdf). Nese curso presentáronse queixas e/o suxestións relativas a expediente académico, matrícula, etc. que non foron remitidas ao centro. Nese mesmo curso académico se

 FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 8 de 38

presentaron no decanato da Facultade dúas reclamacións a cualificacións de exames que seguiron a súa tramitación recollida na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Curso 2015-2016 a Memoria da Oficina de Análise e Reclamacións (OAR) pódese atopar no enlace: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/oar/descargas/Memoria-OAR-2015-2016-definitiva.pdf>. Neste curso presentáronse a través da OAR 9 queixas, das cales 2 foron remitidas á Facultade xa que tiñan relación coa docencia do Grao en Bioloxía. Estas quixas foron enviadas ao coordinador da materia que elaborou un informe que foi remitido a OAR para o seu posterior envío as persoas reclamantes. Tamén presentáronse 7 recursos a recoñecemento de estudos dos cales só foron estimados pola OAR 5 que foron remitidos ao centro para o seu posterior informe.

### **Resultados do curso 2015/16**

En canto as accións establecidas na memoria de calidade do 2014/15 o resultado recóllese nas fichas das páxinas 27 a 38.

### **Indicadores do SGIC**

Os indicadores que se amosan calculáronse agregando os datos dos títulos impartidos no 2015/16: Grao en Bioloxía (GB), Máster en Acuicultura (MA), Máster en Neurociencia (MN) e Máster en Bioloxía Mariña (MBM). Na relación de indicadores considerados, presentarase a súa definición e indicarse de que titulacións proveñen os datos. Débese notar que os indicadores se proporcionan tamén desagregados por nivel de estudos e titulacións cando se posúen ditos datos. No caso dos másteres interuniversitarios (MA, MN e MBM), o alumnado contabilizado é o matriculado na USC. Na comparativa realizada cos datos de 2011/12, 2012/13, 2013/14 e 2014/15 e 2015/16, cabe salientar que para estes cursos os datos non proveñen das mesmas titulacións xa que o Máster de Medio Ambiente e Recursos Naturais (MMARN) e o Máster de Biodiversidade e Conservación do Medio Natural (MBCMN) deixáronse de impartir no curso 2013/14 (non comezara a impartirse o Máster en Bioloxía Mariña con anterioridade a 2011/12, por iso se colle como primeiro curso na comparativa). Non obstante no curso 2011/12 non estaba implantado o 4º curso do grao, de xeito que os datos non son estritamente comparables. Os resultados dos indicadores como totais para o Centro ou desagregados en grao e total de máster recóllense na Táboa 1. Na Táboa 2 preséntanse os resultados dos indicadores para cada unha das titulacións que se imparten na Facultade de Bioloxía (ata o curso 2015/16). Os aspectos máis relevantes iranse comentando de seguido. Ao considerarmos tan só cinco anos, non resultaría correcto falar de tendencias, polo que os comentarios restrínxense á comparativa entre os cinco cursos.

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 9 de 38

**IN01C-PC-05 Prazas ofertadas.** Prazas ofertadas para o curso académico 2015/16. Datos de GB, MA, MN e MBM.

*Trala redución da oferta da Facultade de Bioloxía en 53 prazas no curso 2014/15 con respecto ao curso 2013/14 e en 50 prazas con respecto aos cursos 2012/13 e 2011/12 (pola extinción dos másteres MBCMN e MMARN - Táboa 2), volve haber unha nova redución de 18 prazas debido a redución de prazas no Grao de Bioloxía (5% das 150 iniciais, máis 10 prazas do Dobre Grao Química e Bioloxía).*

**IN02C-PC-05 Matrícula.** Número de estudantes matriculados no curso 2015/16 sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade. Datos de GB, MA, MN e MBM.

*O número total de alumnado matriculado no Centro no curso 2015/16 é de 732 (1, 9, 93 e 228 máis que en 2014/15, en 2013/14, en 2012/13 e en 2011/12 respectivamente), o que supón un incremento do 0%, 1%, 15% e 45% respecto aos catro cursos anteriores respectivamente. O incremento débese principalmente ao GB. Os datos do 2011/12 non inclúen o 4º curso, de xeito que non son comparables. Non obstante, en 2013/14 pasou de 562 a 634 alumnos/as respecto a 2012/13, e en 2014/15 pasou de 634 a 668 respecto ao curso anterior; finalmente no curso 2015/16 pasou de 668 a 675 alumnos/as respecto ao curso anterior, maila redución no último curso da oferta de prazas (de xeito efectivo sería 7 + 18 prazas de redución). Este incremento de 7 (25), 34 e 72 alumnos/as débese a que, aínda que hai unha elevada taxa de abandono (ver IN40-S01-PM-01 e IN41C-S01-PM-01), cada ano o número de matriculados aumenta dada a baixa taxa de graduación do alumnado (IN37C-S01-PM-01). Isto pode chegar a converterse nun problema si se consolida como unha tendencia (aínda que o aumento reduciuse curso tras curso, podería ser complicado manter un aumento de entre 25 e 50 alumnos/as ao ano). Os outros títulos teñen usualmente variacións de entre 2 e 3 alumnos/as; de xeito excepcional, sen dúbida, chama a atención o descenso do MBM en 7 alumnos/as no curso 2015/16.*

**IN03C-PC-05 Matrícula de novo ingreso.** Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Datos de GB, MA, MN e MBM.

*A matrícula de novo ingreso no curso 2015/16 presentou unha diminución do 13, 24, 25 e 29% respecto aos cursos anteriores respectivamente; pasando de 244 a 174 alumnos/as de novo ingreso entre os cursos 2011/12 e 2015/16. O GB amosou un importante descenso do número de estudantes ata o curso 2013/14 (debida á diminución progresiva da validación de estudos) que apenas varía respecto ao 2014/15. O descenso entre o curso 2015/16 e 2014/15 débese á redución da oferta de prazas. O descenso do Centro*

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017  Páxina 10 de 38
--	---------------------	---

*débese en gran parte a extinción dos másteres MBCMN e MMARN (Táboa 2). Os outros másteres non presentan demasiadas diferenzas no número de estudantes (Táboa 2), salvo a caída da matrícula do MBM entre 2014/15 e 2015/16 que pasa de 10 a 2 alumnos/as.*

**IN04C-PC-05 Matrícula de inicio de estudos.** Número de estudantes que se matriculan en 1º curso dun plan de estudos por 1ª vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción. Datos de GB, MA, MN e MBM.

*A matrícula de novo ingreso no curso 2015/16 presentou unha diminución do 14, 24, 21 e 14% respecto aos cursos anteriores respectivamente. O GB amosa un número de estudantes similar, cunha importante diminución no curso 2015/16 debida ao descenso da oferta de prazas. Nos másteres prodúcense maiores fluctuacións, en gran parte debidas ao proceso de extinción do MBCMN e MMARN (Táboa 2). De novo chama a atención o da matrícula do MBM entre 2014/15 e 2015/16. Debe terse en conta a diferenza entre o IN03 e o IN04 (novo ingreso vs. inicio de estudos), contabilizándose en novo ingreso ao alumnado que provén de validación de estudos. En calquera caso, as diferenzas non son relevantes entre os cinco cursos académicos.*

**IN05C-PC-05 Variación da matrícula de inicio de estudos.** Taxa de variación relativa (en porcentaxe) da matrícula de inicio de estudos. Datos de GB, MA, MN e MBM.

*No curso 2015/16 hai unha importante caída comparada cos cursos anteriores onde case non houbo variación da matrícula de inicio de estudos. O valor ten a súa causa no descenso da oferta do GB e na matrícula de novo ingreso de MBM. Véxanse comentarios relativos ao IN04.*

**IN08C-PC-05 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados:** Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados nos títulos GB, MA, MN e MBM.

*A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados no Centro é dun 0,6% no curso 2015/16, aínda menor que nos cursos anteriores. Esta porcentaxe é baixa en comparación coa media nacional do 4,8%, que presenta un claro incremento anual dende o curso 2008/09<sup>1</sup>, sendo Galicia unha das comunidades do territorio nacional que menos alumnado recibe, especialmente en estudos de grao. A porcentaxe é moito maior no MN onde chega ao 3,9% respecto ao grao (0,4%; Táboa 2) e aos outros másteres (0%, Táboa 2). Respecto a estes últimos chama a atención a caída do MA que chegou ao 17,7% no*

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 11 de 38

*curso 2013/14 e ao 0% mantido no tempo do MBM.*

**IN09C-PC-05 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.**

Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados nos títulos GB, MA, MN e MBM.

*Con respecto aos/ás estudantes nacionais de fóra de Galicia, a súa porcentaxe é de 6,4%, aumentando nos dos cursos anteriores (4,4; 5,0; 5,8 e 6,2% nos cursos 2011/12, 2012/13, 2013/14 e 2014/15, respectivamente). De novo, ao igual que no IN08C-PC-05, este valor é moito maior usualmente nos másteres, especialmente no MA, que chegou ao 81,8% respecto ao grao (que non chega a superar o 4,2%; Táboa 2).*

**IN17C-PC-05 Porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade.** Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados nos títulos GB, MA, MN e MBM.

*A porcentaxe de estudantes do curso 2015/16 enviados en programas de mobilidade aumentou respecto ao curso anterior e encóntrase cun valor intermedio respecto aos outros cursos. Esta porcentaxe débese unicamente ao GB onde chega ao 1,9%, mentres que nos másteres non pasa do 0% (Táboa 2).*

**IN18C-PC-05 Porcentaxe de estudantes recibidos en programas de mobilidade.** Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC en programas de mobilidade sobre o total de matriculados nos títulos GB, MA, MN e MBM. Contabilízanse os/as estudantes que teñen como destino a Facultade de Bioloxía, entendendo como tales aqueles para os que o maior número de créditos matriculados corresponde ao noso Centro.

*A porcentaxe de estudantes recibidos en programas de mobilidade é o dobre ca de estudantes enviados, un 2,5% no curso 2015/16. Neste curso alcanzouse o máximo valor respecto aos cursos anteriores que tiveron valores de 2,5, 3,5, 3,0 e 1,4% respectivamente (indo dende o anterior ao máis lonxano no tempo). Esta porcentaxe débese unicamente ao GB onde chega ao 3,9%, mentres que nos másteres non pasa do 0% (Táboa 2).*

**IN24C-PS-01 Porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI total.** Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia nos títulos. Calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nos títulos GB, MA, MN e MBM. Non se ten en conta o profesorado de áreas externas.

<sup>1</sup> Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y

O 93,7% do profesorado que imparte docencia nas titulacións do Centro posúe algún sexenio no curso 2015/16, cun importante aumento de máis do 5% respecto ao valor do curso 2014/15 (88,4%). Esta porcentaxe é moi superior á media nacional para o curso 2012/13 do PDI de ciencias que é 84,8%<sup>2</sup>. A suba é debida ao aumento no GB e MBM que aumentan do 88,9 ao 93,2% e 82,9 ao 94,3% respectivamente, equiparándose os MA e MBM (Táboa 2). Hai que ter en conta que a inclusión de profesorado non funcionario ou contratado doutor limita os valores desta porcentaxe, aínda que no caso do noso Centro, dada a elevada porcentaxe de profesores/as funcionarios (IN26C-PS-01), parece que este valor non debe estar moi afectado. A importancia dos sexenios está a aumentar nos anos derradeiros, polo que este indicador poderá ter importantes repercusións no funcionamento dos centros. Na USC é un dos posibles requisitos para dirixir unha tese doutoral (Artigo 10. RESOLUCIÓN do 10 de agosto de 2012 pola que se acorda a publicación do Regulamento dos estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en Consello de Goberno de 25 de xuño de 2012). Por outra banda, a lexislación actual (Real Decreto-Lei 14/2012) utiliza os sexenios como un criterio de redución da carga docente (ata 16 créditos). Aínda sería máis interesante incluír indicadores referidos a sexenios “vivos” ou “activos” (que exclúen do incremento da carga docente ata 32 créditos), así coma a porcentaxe de sexenios concedidos fronte ao máximo posíbel do período posdoutoral.

**IN25C-PS-01 Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total.** Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total. Calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nos títulos GB, MA, MN e MBM. Non se ten en conta o profesorado de áreas externas.

*A porcentaxe de PDI doutor mantense en 99,2%, moi similar aos anos anteriores coa excepción do curso 2013/14 nas titulacións do Centro (debido o GB e MBCMN, Táboa 2). Estamos moi por enriba da media nacional para a rama de ciencias en universidades públicas para o cursos 2012/13 (90,3%<sup>3</sup>).*

**IN26C-PS-01 Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total.** Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total. Calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nos títulos GB, MA, MN, MBM e. Non se ten en conta o profesorado de áreas externas.

*A porcentaxe de PDI funcionario é do 75,8%, menor que nos catro cursos anteriores. De*

Deporte.

<sup>2</sup> Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

<sup>3</sup> Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

 FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 13 de 38

*xeito parece haber unha tendencia de diminución anual. Dado que o horizonte actual de incorporación de funcionarios/as ao cadro de persoal da USC está moi restrinxida, é de esperar que en anos sucesivos sufra un descenso. No curso 2015/16 todas as titulación coa excepción do MN, que non chega o 70%, superaron ou atópanse preto do 80% (Táboa. 2).*

**IN34C-S01-PM-01 Taxa de rendemento.** Porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados e número de entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Indicador calculado para grao e máster (MA, MN e MBM).

*A taxa de rendemento no grao é do 67,4% no curso 2015/16, e similar aos dos cursos anteriores (61,9; 66,2; 67,0 e 68,5% nos cursos 2011/12, 2012/13, 2014/15 e 2015/16 respectivamente) mentres que nos títulos de máster increméntase ata o 87,5%. Os valores dos másteres voltaron a baixar os valores do curso 2013/14 (este curso tivo unha diminución debido principalmente ao baixo valor do MBCMN, cun 61,2% - Táboa 2). Esta baixada é debida ao descenso de MA e MN que baixaron do 100 ao 95,3% e do 88,7 ao 78,3%, respectivamente.*

**IN35C-S01-PM-01 Taxa de éxito.** Porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados e número de créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Indicador calculado para GB e máster (MA, MN e MBM).

*A taxa de éxito é do 76,9% no grao no curso 2015/16, moi similar aos cursos anteriores, e do 98,1% en máster, un pouco máis baixa aos dos cursos anteriores por pequenos descensos en MA e MN.*

**IN36C-S01-PM-01 Taxa de avaliación.** Porcentaxe entre número de créditos ordinarios presentados e número de créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Indicador calculado para grao e máster (MA, MN e MBM).

*A taxa de avaliación é do 87,6% en grao no curso 2015/16, similar aos tres cursos anteriores e do 89,2% en máster, voltando a un valor baixo e similar ao curso 2013/14 e claramente menor co resto da serie (o aumento da taxa respecto o curso 2013/2014 débese a extinción de MBCMN que presentou un 61,2% no seu último curso de impartición - Táboa 2). A causa é claramente o descenso de MA e MN, especialmente deste último, que tivo no curso 2015/16 un valor do 81,0%, o máis baixo da serie.*

**IN37C-S01-PM-01 Taxa de graduación.** Porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de

 USC FACULTADE DE BIOLOXÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 8 de marzo de 2017
		Páxina 14 de 38

entrada. Indicador calculado para grao e máster (MA, MN e MBM).

*A taxa de graduación é do 45,4% no grao no curso 2015/16, cunha importante mellora respecto aos cursos anteriores. Respecto aos másteres produciuse unha pequena baixada respecto ao curso anterior chegando ao 93,8% mentres que en cursos anteriores ao 2014/15 flutuaba entre o 83,0 e o 89,8%. Mentres que MN e MBM manteñen as súas taxas, MA descende do 100 ao 90% (Táboa 2).*

**IN41C-S01-PM-01 Taxa de abandono RD1393.** Porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior. Indicador calculado para grao e máster (MA, MN e MBM).

*A taxa de abandono segundo o RD13913 é o 27,0% no grao e do 3,1% en máster (que flutuou nos cursos anteriores entre o 14,6 e 0,0% nos cursos 2012/13 e 2011/12 e 2014/15 respectivamente). Nos másteres repítese a cotío en diferentes cursos o valor de 0% aínda que hai moita flutuación (Táboa. 2) (ao haber menos estudantes as variacións de 1 ou 2 alumnos/as supón un cambio importante).*

INDICADOR	DESCRICIÓN	2011/12	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	250	250	253	200	182
IN02C-PC-05	Matrícula	504	639	723	731	732
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso	244	233	230	200	174
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	190	206	214	190	163
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	-16,6	8,4	3,9	0,5	-14,0
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2,2	1,3	2,8	1,0	0,6
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	4,4	5,0	5,8	6,2	6,4
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,6	1,6	2,2	1,5	1,8
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,4	3,0	3,5	2,5	3,6
IN24C-PS-01	Porcentaxe PDI con sexenios sobre PDI total	85,0	88,5	86,0	88,4	93,7
IN25C-PS-01	Porcentaxe PDI doutor sobre PDI total	100	99,6	96,3	99,5	99,2
IN26C-PS-01	Porcentaxe PDI funcionario sobre PDI total	82,8	82,8	79,8	78,3	75,8
IN34C-S01-PM-01	Taxa de rendemento	61,9 (G) 96,5 (M)	66,2 (G) 93,7 (M)	67,0 (G) 88,4 (M)	68,5(G) 93,3 (M)	67,4 (G) 87,5 (M)
IN35C-S01-PM-01	Taxa de éxito	76,7 (G) 99,7 (M)	76,6 (G) 99,7 (M)	76,5 (G) 99,9 (M)	76,2 (G) 99,3 (M)	76,9 (G) 98,1 (M)
IN36C-S01-PM-01	Taxa de avaliación	80,7 (G) 96,8 (M)	86,4 (G) 94,0 (M)	87,6 (G) 88,4 (M)	90,0(G) 93,9 (M)	87,6 (G) 89,2 (M)
IN37C-S01-PM-01	Taxa de graduación	- (G) 89,8 (M)	- (G) 85,7 (M)	33,6 (G) 83,0 (M)	39,0(G) 96,9 (M)	45,4 (G) 96,8 (M)
IN41C-S01-PM-01	Taxa de abandono RD1393	- (G) 12,7 (M)	- (G) 0,0 (M)	22,8 (G) 14,6 (M)	38,4(G) 0,0 (M)	27,0 (G) 3,1 (M)

**Táboa 1. Algúns dos indicadores do SGIC para os cursos 2011/12, 2012/13, 2013/14 e 2014/15. G: Grao; M: másteres.**

INDICADOR	CURSO	MA	MBCMN	MMARN	MBM	MN	GB	Máster	Centro
<b>IN01C-PC-05 Prazas ofertadas</b>	15-16	10	--	--	10	30	132	--	182
	14-15	10	--	--	10	30	150	--	200
	13-14	10	23	30	10	30	150	--	253
	12-13	20	15	25	10	30	150	--	250
	11-12	15	15	30	10	30	150	--	250
<b>IN02C-PC-05 Matrícula</b>	15-16	20	--	--	11	26	675	--	732
	14-15	20	--	--	18	25	668	--	731
	13-14	17	18	10	16	28	634	--	723
	12-13	17	10	15	10	25	562	--	639
	11-12	13	5	12	8	34	432	--	504
<b>IN03C-PC-05 Matrícula de novo ingreso</b>	15-16	10	--	--	2	21	141	--	174
	14-15	10	--	--	10	19	161	--	200
	13-14	10	18	7	8	24	163	--	230
	12-13	8	10	15	7	21	172	--	233
	11-12	10	4	11	4	19	196	--	244
<b>IN04C-PC-05 Matrícula de inicio de estudos</b>	15-16	10	--	--	2	21	130	--	163
	14-15	10	--	--	10	18	152	--	190
	13-14	10	18	7	8	23	148	--	214
	12-13	8	10	15	7	21	145	--	206
	11-12	10	4	11	4	17	144	--	190
<b>IN05C-PC-05 Variación da matrícula de inicio de estudos</b>	15-16	0.0	--	--	-80,0	16,7	-14,5	--	-14,2
	14-15	0.0	--	--	25	-21,7	2,7	--	0,5
	13-14	25.0	80,0	-53,3	14,3	9,5	2,1	--	3,9
	12-13	-20.0	150,0	36,4	75,0	23,5	0,7	--	8,4
	11-12	66.7	-77,8	-56,0	0,0	-32,0	-3,4	--	-16,6
<b>IN08C-PC-05 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados</b>	15-16	0.0	--	--	0,0	3,9	0,4	--	0,6
	14-15	10.0	--	--	0,0	4,0	0,6	--	1,0
	13-14	17.7	44,4	10,0	0,0	7,1	1,0	--	2,8
	12-13	5.9	10,0	6,7	0,0	8,0	0,5	--	1,3
	11-12	7.7	20,0	16,7	0,0	11,8	0,7	--	2,2
<b>IN09C-PC-05 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados</b>	15-16	30.0	--	--	81,8	15,4	4,2	--	6,4
	14-15	10.0	--	--	88,9	20,0	3,3	--	6,2
	13-14	23.5	11,1	10,0	62,5	7,1	3,6	--	5,8
	12-13	47.1	40,0	6,7	40,0	4,0	2,5	--	5,0
	11-12	46.2	20,0	0,0	50,0	11,8	2,1	--	4,4
<b>IN17C-PC-05 Porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade</b>	15-16	0.0	--	--	0,0	0,0	1,9	--	1,8
	14-15	0.0	--	--	0,0	0,0	1,7	--	1,5
	13-14	0.0	0,0	0,0	0,0	0,0	2,5	--	2,2
	12-13	0.0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,8	--	1,6
	11-12	0.0	0,0	0,0	0,0	0,0	1,9	--	1,6
<b>IN18C-PC-05 Porcentaxe de estudantes recibidos en programas de mobilidade</b>	15-16	0.0	--	--	0,0	3,9	3,7	--	3,6
	14-15	0.0	--	--	0,0	0,0	2,7	--	2,5
	13-14	0.0	0,0	0,0	0,0	0,0	3,9	--	3,5
	12-13	0.0	0,0	0,0	10,0	0,0	3,2	--	3,0
	11-12	0.0	20,0	0,0	0,0	2,9	1,2	--	1,4
<b>IN24C-PS-01 Porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI total</b>	15-16	94.4	--	--	93,3	94,3	93,2	--	93,7
	14-15	91.7	--	--	93,8	82,9	88,9	--	88,4
	13-14	95.7	74,2	100,0	88,2	83,8	84,1	--	86,0
	12-13	95.5	76,5	100,0	83,3	86,8	88,9	--	88,5
	11-12	95.5	67,7	96,9	85,0	83,3	85,0	--	85,0
<b>IN25C-PS-01 Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total</b>	15-16	100.0	--	--	100,0	100,0	98,4	--	99,2
	14-15	100.0	--	--	100,0	100,0	99,2	--	99,5
	13-14	100.0	96,8	100,0	100,0	100,0	97,9	--	96,3
	12-13	100.0	100,0	100,0	100,0	100,0	99,1	--	99,6
	11-12	100.0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	--	100,0
<b>IN26C-PS-01 Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total</b>	15-16	76.3	--	--	86,7	69,2	78,7	--	75,8
	14-15	79.2	--	--	87,5	70,7	79,5	--	78,3
	13-14	82.6	83,9	85,2	88,2	73,0	77,6	--	79,8

	<b>12-13</b>	86,4	91,2	81,3	88,9	73,7	82,4	--	82,9
	<b>11-12</b>	86,4	87,1	78,1	90,0	71,4	86,3	--	82,8
<b>IN34C-S01-PM-01 Taxa de rendemento</b>	<b>15-16</b>	95,3	--	--	100,0	78,3	67,4	87,5	--
	<b>14-15</b>	100,0	--	--	92,86	88,7	68,5	93,3	--
	<b>13-14</b>	100,0	61,2	96,1	100,0	93,8	67,0	88,4	--
	<b>12-13</b>	100,0	98,0	94,4	96,8	84,2	66,2	93,7	--
	<b>11-12</b>	99,6	100,0	100,0	76,6	95,9	61,9	96,5	--
<b>IN35C-S01-PM-01 Taxa de éxito</b>	<b>15-16</b>	99,0	--	--	100,0	96,6	76,9	98,1	--
	<b>14-15</b>	100	--	--	100,0	98,3	76,2	99,3	--
	<b>13-14</b>	100,0	100,0	99,3	100,0	100,0	76,5	99,9	--
	<b>12-13</b>	100,0	100,0	100,0	99,4	99,1	76,6	99,7	--
	<b>11-12</b>	99,6	100,0	100,0	96,7	100,0	76,7	99,7	--
<b>IN36C-S01-PM-01 Taxa de avaliación</b>	<b>15-16</b>	96,3	--	--	100,0	93,8	87,6	88,4	--
	<b>14-15</b>	100,0	--	--	92,9	90,2	90,0	93,9	--
	<b>13-14</b>	100,0	61,2	96,7	100,0	93,8	87,6	88,4	--
	<b>12-13</b>	100,0	98,0	94,4	97,5	85,0	86,4	94,0	--
	<b>11-12</b>	100,0	100,0	100,0	79,2	95,9	80,7	96,8	--
<b>IN37C-S01-PM-01 Taxa de graduación</b>	<b>15-16</b>	90,0	--	--	100,0	93,3	45,4	93,8	--
	<b>14-15</b>	100,0	--	--	100,0	94,7	39,0	96,9	--
	<b>13-14</b>	100,0	90,0	80,0	66,7	70,0	33,6	83,0	--
	<b>12-13</b>	80,0	100,0	100,0	0,0	77,3	--	85,7	--
	<b>11-12</b>	83,3	100,0	100,0	0,0	54,6	--	89,8	--
<b>IN41C-S01-PM-01 Taxa de abandono RD1393</b>	<b>15-16</b>	10,0	--	--	0,0	0,0	27,0	3,1	--
	<b>14-15</b>	0,0	--	--	0,0	0,0	38,4	0,0	--
	<b>13-14</b>	12,5	10,0	20,0	0,0	20,0	20,6	14,6	--
	<b>12-13</b>	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	--	0,0	--
	<b>11-12</b>	16,7	0,0	0,0	0,0	46,7	--	12,7	--

**Táboa 2. Algúns dos indicadores do SGIC para os cursos 2011/12, 2012/13, 2013/14 e 2014/15. disgregado por titulación. Grao en Bioloxía (GB), Máster en Acuicultura (MA), Máster de Biodiversidade e Conservación do Medio Natural (MBCMN), Máster de Medio Ambiente e Recursos Naturais (MMARN), Máster en Bioloxía Mariña (MBM) e Máster en Neurociencia (MN)**

### 3. Plan de Melloras do Centro

A continuación se recollen as novas accións a desenvolver durante o curso 2016/17 e a avaliación das que estaban programadas para o curso 15/16.

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM1-PM1617-FB	Equipa Decanal	Mellora de equipamento docente da facultade.	En execución	Decano da Facultade	31/07/2017	-----
AM2-PM1617-FB	Equipa Decanal	Mellora nas condicións de uso das instalacións referidas a prevención de riscos.	En execución	Decano da Facultade	31/07/2017	-----
AM3-PM1617-FB	Equipa Decanal	Mellora nas instalacións do Centro.	En execución	Decano da Facultade	31/07/2017	-----
AM4-PM1617-FB.	Sistema de Garantía de Calidade	Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo.	En execución	Decano da Facultade	31/07/2017	-----
AM5-PM1617-FB	Recomendación do comité de avaliación na acreditación dos másteres	Incentivar as solicitudes de formación do PAS, contribuíndo a unha mellora da súa formación.	En execución	Decano da Facultade	31/07/2017	-----
AM6-PM1617-FB	Equipa Decanal	Creación de un grupo de innovación docente: Grupo de Innovación Docente de Bioloxía (INNOVABIO).	Executada	Vicedecana da Facultade	31/01/2017	10/02/2017
AM1-PM1516-FB	Equipa Decanal	Mellora de instalacións docentes da facultade	Parcialmente excutada	Decano da Facultade	31/07/2016	31/07/2016
AM2-PM1516-FB	Equipa Decanal	Mellora nas condicións de uso das instalacións referidas a prevención de riscos.	Parcialmente excutada	Decano da Facultade	31/07/2016	31/07/2016
AM3-PM1516-FB	Equipa Decanal	Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de titulacións e PDI.	Executada	Decano da Facultade	31/07/2016	31/07/2016
AM4-PM1516-FB	Comisión de Docencia	Incremento do número de convenios de mobilidade	Executada	Decano da Facultade	31/07/2016	31/07/2016
AM5-PM1516-FB	Sistema de Garantía de Calidade	Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo	Executada	Decano da Facultade	31/07/2016	31/07/2016
AM6-PM1516-FB	Recomendación do comité de avaliación na acreditación dos másteres.	Incentivar as solicitudes de formación do PAS, contribuíndo a unha mellora da súa formación	Executada	Decano da Facultade	31/07/2016	31/07/2016

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM1-PM1617-FB
		Tipo	Accións de mellora derivadas da implantación do título no curso académico obxecto de seguimento
	Definición	Ámbito de aplicación	Recursos materiais
		Análise causa	Na Facultade detéctanse determinadas deficiencias en relación ao equipamento docente.
		Definición/descripción proposta	Mellora de equipamento docente da Facultade.
		Data prevista de finalización	31/07/2017
		Data inicio	01/09/2016
Responsables	Responsable da implantación	Decano da Facultade	
Tarefa1	Código	AM1_T01-PM1617-FB	
	Descrición tarefa	Renovación do mobiliario da sala de traballo en grupo. Renovaranse os mobles reciclados por un mobiliario modular.	
	Data prevista de finalización	31/07/2017	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
Tarefa2	Código	AM1_T02-PM1617-FB	
	Descrición tarefa	Reforma do acuario para a instalación dunha sala de cuarentena (inclúe o illamento do tellado e o recrecido do chan).	
	Data prevista de finalización	31/07/2017	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
Tarefa3	Código	AM1_T03-PM1617-FB	
	Descrición tarefa	A elevada ocupación das dúas aulas ou laboratorios de informática fai complicada a elaboración dos horarios. Por iso se fará a solicitude de adquisición de máis equipos portátiles, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de postos nas aulas de informática. En concreto tratase de ordenadores para á aula 3 de informática. Está aula xa conta con 7 equipos, que cando non se utiliza a aula están en préstamo na Biblioteca do Centro. Deste xeito maximízase os seu uso.	
	Data prevista de finalización	31/07/2017	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
Tarefa4	Código	AM1_T04-PM1617-FB	

	<b>Descrición tarefa</b>	Comezar un proceso de instalación de liñas de enchufes nos postos dos alumnos/as das aulas de docencia 1, 2, 3, 4 e 8..
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/07/2017
	<b>Persoa responsable</b>	Decano da Facultade
Tarefa5	<b>Código</b>	AM1_To5-PM1617-FB
	<b>Descrición tarefa</b>	Dotación de equipamento dos laboratorio de prácticas de alumnos/as. Precísanse cinco microscopios, un lector de microplacas e un termociclador.
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/07/2017
	<b>Persoa responsable</b>	Decano da Facultade
Tarefa6	<b>Código</b>	AM1_To6-PM1617-FB
	<b>Descrición tarefa</b>	Iniciar a substitución de canóns de vídeo das aulas que na actualidade amosan un mal rendimento, con novos canóns equipados con lámparas LED.
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/07/2017
	<b>Persoa responsable</b>	Decano da Facultade
Finalización	<b>Estado</b>	-----
	<b>Data estado</b>	-----
	<b>Comprobación</b>	-----
	<b>Data comprobación</b>	-----

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM2-PM1617-FB
		Tipo	Accións de mellora derivadas da implantación do título no curso académico obxecto de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Recursos materiais
	Definición	Análise causa	Detéctanse problemas en relación a prevención de riscos en espazos da Facultade e do CIBUS, así como nas actividades docentes que se realizan no Centro. Compre tomar medidas para arranxar estes problemas.
		Definición/descripción proposta	Mellora nas condicións de uso das instalacións referidas a prevención de riscos.
		Data prevista de finalización	31/07/2017
		Data inicio	01/09/2016
Responsables	Responsable da implantación	Decano da Facultade	
Tarefa1	Código	AM2_T01-PM1617-FB	
	Descrición tarefa	Instalar sinalización (planos e sinais) das rutas de evacuación do Centro.	
	Data prevista de finalización	31/01/2017	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
Tarefa2	Código	AM2_T02-PM1617-FB	
	Descrición tarefa	Dotación os docentes do Centro de Equipos de Protección Individual (EPI) para a docencia de campo.	
	Data prevista de finalización	31/07/2017	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
Finalización	Estado	-----	
	Data estado	-----	
	Comprobación	-----	
	Data comprobación	-----	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM3-PM1617-FB
		Tipo	Accións de mellora derivadas da implantación do título no curso académico obxecto de seguimento
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Recursos materiais
	Definición	Análise causa	Detéctanse problemas en relación a equipamento para labores de administración, xestión da docencia e a investigación.
		Definición/descripción proposta	Mellora nas instalacións do Centro.
		Data prevista de finalización	31/07/2017
		Data inicio	01/09/2016
Responsables	Responsable da implantación	Decano da Facultade	
Tarefa1	Código	AM3_T01-PM1617-FB	
	Descrición tarefa	Instalación de un equipo de videoconferencia para a Sala de Xuntas. O equipo se precisa para liberar á aula 5 de docencia equipada con sistema de videoconferencia ao celebrar Consellos de Departamento, reunións das Comisións dos másteres interuniversitarios, etc.	
	Data prevista de finalización	31/01/2017	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
Tarefa2	Código	AM3_T02-PM1617-FB	
	Descrición tarefa	Adquisición de un canon de vídeo de pequenas dimensións que permita o seu uso en pequenas reunións (salas de seminarios, despachos, etc.)	
	Data prevista de finalización	31/07/2017	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
Tarefa3	Código	AM3_T03-PM1617-FB	
	Descrición tarefa	Instalación do control de accesos e interfonos de comunicación da planta sexta do edificio e aulas de informática e laboratorios 10 e 11.	
	Data prevista de finalización	31/07/2017	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
Tarefa4	Código	AM3_T04-PM1617-FB	

	<b>Descrición tarefa</b>	Habilitación de mobiliario para os espazos da Facultade de Bioloxía da planta -1 do CIBUS.
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/07/2017
	<b>Persoa responsable</b>	Decano da Facultade
<b>Tarefas</b>	<b>Código</b>	AM3_To5-PM1617-FB
	<b>Descrición tarefa</b>	Habilitación de espazos nas dependencias do decanato para acoller ao total dos membros da Unidade de Xestión do Centro (que na actualidade mantén dependencias en cada departamento).
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/07/2017
	<b>Persoa responsable</b>	Decano da Facultade
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	-----
	<b>Data estado</b>	-----
	<b>Comprobación</b>	-----
	<b>Data comprobación</b>	-----

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM4-PM1617-FB.	
		Tipo	Accións de mellora derivadas da implantación do título no curso académico obxecto de seguimento	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Sistema de Garantía de Calidade
		Definición	Análise causa	Existencia de actas entregadas fóra de prazo
			Definición/descripción proposta	Conseguir que o 100% das actas se entreguen en prazo.
			Data prevista de finalización	31/07/2017
			Data inicio	01/09/2016
Responsables		Responsable da implantación	Decano da Facultade	
Tarefa1		Código	AM4_T01-PM1617-FB	
		Descrición tarefa	Enviar ao profesorado das titulacións do Centro, e aos coordinadores de título, un correo electrónico indicando o período de apertura e a data de peche das actas.	
		Data prevista de finalización	31/07/2017	
		Persoa responsable	Decano	
Subtarefa 1		Código	AM4_T01_S01-PM1617-FB	
		Descrición tarefa	Remitir a información a todo o profesorado dos másteres.	
		Data prevista de finalización	31/07/2017	
		Persoa responsable	Coordinadores dos títulos de máster	
